

Contribuíndo aos **OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**



DOWN
Galicia

A ONU aprobou en 2015 a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e, con ela, os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Isto foi unha chamada mundial para adoptar medidas que acaben cos grandes problemas do mundo: da desigualdade ao medio ambiente, pasando pola saúde ou o traballo digno.

O PAPEL DAS ONG NA AXENDA 2030

Para acadar ditos obxectivos, a participación das organizacións da sociedade civil é fundamental. As ONG teñen un papel protagonista, xa que son un dos maiores motores sociais que, xunto coa política, pode contribuír a lograr as metas.

A función das ONG basease no desenvolvemento de proxectos e programas que, por exemplo, reduzan desigualdades ou apoiem colectivos vulnerables.



COMO CONTRIBUÍMOS AOS OBXECTIVOS?

Down Galicia contribúe aos ODS de xeito planificado. Primeiro, identificando sobre que obxectivos ten capacidade de influencia e, seguidamente, desenvolvendo accións e programas que contribúan á acadalos.

Así, para maximizar a aportación aos ODS, foi necesario definir as prioridades do Movemento Down, medindo os seus impactos reais e potenciais. Ademais, foi fundamental integrar o marco da Axenda 2030 no seu traballo diario.



QUE OBXECTIVOS APOIAMOS?

A Federación e as súas entidades colaboran en 7 dos 17 obxectivos:

Obxectivo 3 Saúde e benestar	Garantir unha vida sa e promover o benestar de tod@s a todas as idades
Obxectivo 4 Educación de calidade	Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para tod@s
Obxectivo 5 Igualdade de xénero	Acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas
Obxectivo 8 Traballo decente e crecemento económico	Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para tod@s
Obxectivo 10 Redución das desigualdades	Reducir a desigualdade no interior dos países e entre os distintos países
Obxectivo 16 Paz, xustiza e institucións sólidas	Promover sociedades pacíficas e inclusivas, acceso á xustiza para tod@s e construír institucións eficaces, inclusivas e responsables
Obxectivo 17 Alianzas para acadar os obxectivos	Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible

QUE APORTAMOS AOS OBXECTIVOS?

Contribución específica



Contribución global



FEDERACIÓN DOWN GALICIA

981 58 11 67 · downgalicia.org
downgalicia@downgalicia.org



ENTIDADES DA FEDERACIÓN

Down Vigo

986 20 16 56 · downvigo.org

Down Pontevedra 'Xuntos'

986 86 55 38 · downxuntos.org

Down Ourense

988 37 03 13 · downourense.org

Down Lugo

982 24 09 21 · downlugo.org

Down Compostela

981 56 34 34 · downcompostela.org

Down Coruña

981 26 33 88 · downcoruna.org

'Teima' Down Ferrol

981 32 22 30 · teimadownferrol.org